

NOTA EMBARGADA ATÉ ÁS 20.45 H

A Asociación de Actores e Actrices concédelle o Premio de Honra Marisa Soto á xastra Cloti Vaello

Con este galardón recoñécese a longa traxectoria dunha costureira que traballou durante corenta anos no sector. Cloti Vaello, referente para o oficio teatreiro, iniciou a súa carreira co nacemento do teatro profesional en Galicia e vestiu a todas as xeracións de actores e actrices do país até a súa xubilación en 2016

Santiago, 7 de marzo de 2023-. A Xunta Directiva da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) concédelle á xastra Cloti Vaello o Premio de Honra Marisa Soto, galardón co que a profesión teatral recoñece o labor de persoas ou institucións a prol do noso sector escénico. Deste xeito, Vaello únese a unha longa lista de homenaxeados que inclúe, entre outros nomes, a Ana Román, Pilar Pereira, Gonzalo Uriarte, Rosa Álvarez, a Sala Nasa, Flor Maceiras, a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas ou Lino Braxe, quen recibiu esta distinción o ano pasado a título póstumo. O Premio Marisa Soto entrégase durante a gala dos Premios de Teatro María Casares, que este ano se celebra o xoves 30 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña.

A Xunta Directiva decide así premiar a dilatada traxectoria de Cloti Vaello, cuxa carreira medrou á par que a profesionalización do teatro en Galicia. Con este recoñecemento, preténdese poñer en valor o esforzo fundamental desas profesións que, sendo imprescindibles para a escena, se desenvolven lonxe dos focos e sen o aplauso do público. Teatreiras como Cloti Vaello resultan fundamentais para o sector escénico, mais os seus rostros pasan desapercibidos para os espectadores. Este premio é, polo tanto, un recoñecemento para os oficios invisibles do teatro.

A Xunta Directiva escolle a Cloti Vaello por ser referente e ser pioneira. E tamén por encarnar como poucas persoas no sector a evolución da nosa escena, dende o inicio da súa profesionalización en 1978 até os nosos días. En definitiva, Cloti Vaello é teatro en vida.

Perfil biográfico

Cloti Vaello naceu en Ribeira en 1955. Formouse simultaneamente en dúas técnicas de costura dende os trece anos: en modistería feminina e xastrería masculina. Tras anos dedicados á formación e ao traballo iniciático, acabou por encarrear o seu oficio cara á creatividade do mundo da escena. Exerceu así durante corenta anos como xastra,

costureira, deseñadora de vestuario e docente. A súa agulla deixou pegada tamén no audiovisual, exercendo o seu oficio en producións televisivas e cinematográficas.

Cloti Vaello arrincou a súa traxectoria da man de Roberto Vidal Bolaño e César Lombera no ano 1979, xusto nos inicios da profesionalización do teatro en Galicia. Entre 1998 e 2008, formou parte do equipo de xastrería da Aula de Teatro da Universidade de Santiago e do Centro Dramático Galego. Na institución de teatro público, Vaello realizou vestiarios en producións como *Valle98* (1998), *Se o vello Simbad volvese ás illas* (1999), *Rosalía* (2001), *Daquel Abrente* (2005), *A piragua* (2007) ou *Noite de Reis* (2008).

Ao longo dos anos, tamén traballou para as principais compañías privadas de Galicia. Así, a súa pegada deixouse notar nos vestiarios de Matarile (*Animales Artificiales* ou *Truenos y misterios*), Talía Teatro (*Supermais*, *Xustiza Infinita*, *Esperando a Godot* ou *Valentino Rufini*), Teatro do Noroeste (*Imperial Café Cantante* ou *Glass City*), ou Sarabela Teatro (*O heroe*, *Margar no pazo do tempo* ou *O cabodano*) ou Voadora (*Super 8* ou *Tokio 3*)

No ámbito da danza, Cloti Vaello traballou para o Centro Coreográfico Galego (*Vacuo*, 2005), Cía. Quique Peón (*Ovai*, 2009), Uxía P. Vaello e Borja Fernández (*Play*, 2008) ou D2 (*Cos pés na terra*, 2009).

Para o audiovisual, exerceu en series como *As leis de Celavella* ou *Libro de familia*, en programas como *Historias de Galicia*, documentais como *As irmás Fandiño* ou fitas como *O Apóstolo*, produción de stop-motion do ano 2012. O seu amplo currículo complétase co traballo desenvolvido para outras aulas de teatro universitario como son as de Lugo e A Coruña, así como o espazo de Danza da USC e a realización de vestuario de xigantes e cabezudos con César Lombera entre 1984 e 1992. Tamén realizou o vestuario en 2004 do *Ordo Prophetarum* da Catedral de Santiago. En 2010, levou un Premio de Teatro María Casares ao vestuario pola obra *Bicharada*, espectáculo de Berrobambán dirixida por Evaristo Calvo.

O premio Marisa Soto seralle entregado a Cloti Vaello na gala dos Premios de Teatro María Casares, organizados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia deste 1997. Os galardóns do teatro contan co patrocinio e o apoio de entidades e institucións como a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, o Padroado de Cultura do Concello de Narón, a Fundación AISGE ou Gadis.

Para máis información e entrevistas,

Alberto Ramos
TLF: 653 78 28 38
comunicacion@aaag.es